



BONIFICACIÓN IBI FAMILIAS NUMEROSAS

O Concello de Oza-Cesuras aprobou a modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles establecendo unha bonificación do 50% da cota do imposto aos suxeitos pasivos titulares de vivendas sitas neste municipio que ostenten a condición de titulares de familias numerosas e que constitúan o seu domicilio habitual.

Dita modificación ten efectos retroactivos, polo que poderán solicitar a devolución do 50% das cotas pagadas nos exercizos 2022, 2023 e 2024 sempre e cando cumpriran as condicións que dan dereito á bonificación.

A bonificación por familia numerosa haberá que solicitala anualmente e non será compatible con calquera outro beneficio fiscal relativo ao IBI.

Para maior información poden contactar nos teléfonos 981792000 e 981790001 ou presencialmente en calquera das dúas sedes.

O prazo para presentar a solicitude de bonificación para o ano 2025 fíxase no 29 de novembro de 2024.